

Teresa Prado nace en Palencia un sábado sabadete o día 10 de setembro de 1983.

Máis ó pouco tempo a súa familia emigra á costa verdecente por motivos de traballo. Ela crece feliz en Santa Cristina, cual perdiz galaico-palentina.

Ós doce anos namórase de Bécquer ó leer as súas rimas e lendas e comeza a escribir de forma compulsiva nas carpetas das súas compañeiras de clase, ideando poemas e conxuros léxicos sen pés nin cabeza.

Pero se cadra foi no instituto onde se dou conta do creativa que podía chegar a ser discorrido un pouco. As relacións epistolares surxen nesta época ó igual que os cómics e demais contos salchicheros representativos da su idade do pavo. Entre estudar e escribir non dá abasto pero a súa imaxinación cada vez é maior.

Ó finalizar a ESO leva a cabo o ciclo medio de Operacións de fabricación de produtos cerámicos, no I.E.S Isaac Díaz Pardo de Sada. Realiza as prácticas no Castro de Sargadelos, onde tamén ten a sorte de participar na experiencia de verán multicultural que ofrece o centro en agosto.

Xa co título debaixo do brazo traballa como camareira e comercial ata matricularse en Perruquería no I.E.S. Somo en Coruña. Pero se cadra a súa época como perruqueira non é tan lúdica e satisfactoria como pensara e despois de varios anos decide probar sorte no mundo pantanoso do concurso oposición. E grazas a este tempo morto entre libros de texto en pro dun futuro mellor, nace a súa primeira novela *Serpiente* en 2007.

Non consegue un posto como persoal de servicios xerais no Sergas pero si un como teleoperadora nunha empresa privada de telemarketing ata que un día sofre un accidente de tráfico ó regresar a casa. O móbil máis caro do mundo puxo nervudo a un condutor ó volante. Teresa sufriu un atropelo no paso de ceбра de diante do seu fogar. Resultado, novo posto na UCI do Chuac. Esta cangrex a viuse reducida a surimi.

Pero con moito traballo, tesón e ánimo da súa familia,, dos libros e dos gatos consegue superar contra todo pronóstico as adversidades e logra publicar *Serpiente* a finais do ano 2009.

Teresa continua escribindo novelas como se foran churras e loitando pola súa curación.

No 2012 decide presentar a súa primeira novela en galego, *S.I.D.A. Conto dun asasino* ó concurso de literatura de Repsol, pero desgraciadamente non é premiada. Para vencer o desengano decide autopublicar a novela *Aldán y las rosas de la noche*.

Uns meses máis tarde a editorial Hades fai un tirada corta do seu libro *Repoker de ases* e medio ano despois Magama Ediciones fai o mesmo con *Después del sol también llega la calma*.

E tras dous anos de cambios, en xullo de 2015, irrumpe no panorama literario galego con *S.I.D.A. Conto dun asasino*.

Continuará ... (sempre co permiso do espazo/ tempo)